

CONSTRUCCIÓN E EVOLUCIÓN DO ESTADO LIBERAL BURGUEÉS

UNIDADE 6: RESTAURACIÓN E NACIONALISMO

4ª QUINCENA


ÍNDICE

1. O RÉXIME DA RESTAURACIÓN: CARACTERÍSTICAS E FUNCIONAMENTO DO SISTEMA CANOVISTA.	pax. 2
1.1. A Constitución de 1876	pax.3
1.2. Sistema político de Cánovas: caciquismo e fraude electoral	pax. 4
2. A OPOSICIÓN AO RÉXIME CANOVISTA	pax. 7
2.1. O Movemento Obreiro	pax. 7
2.2. Os republicanos	pax. 8
3. GUERRA COLONIAL E CRISE DE 1898	pax. 9
3.1. O desastre do 98	pax. 9
3.2. A reacción ó desastre: o rexeneracionismo e a xeración do 98	pax. 11
4. INTENTOS DE MODERNIZACIÓN E CRISE DO SISTEMA. CONFLITIVIDADE SOCIAL E PROBLEMA DE MARROCOS.	pax. 13
4.1. A crise dos partidos dinásticos	pax. 13
4.2. A intervención militar en África: o problema de Marrocos	pax. 16
4.3. A Semana Tráxica	pax. 17
4.4. Da grande crise de 1917 á Ditadura de Primo de Rivera	pax. 18
5. O ESTADO NACIÓN ESPAÑOL E OS NACIONALISMOS ALTERNATIVOS. EVOLUCIÓN DO GALEGUISMO.	pax. 21
5.1. Orixes dos movementos nacionalistas	pax. 21
5.2. O nacionalismo catalán	pax. 22
5.3. O nacionalismo vasco	pax. 23
5.4. O nacionalismo galego	pax. 25

1. O RÉXIME DA RESTAURACIÓN: CARACTERÍSTICAS E FUNCIONAMENTO DO SISTEMA CANOVISTA.

O sistema político da Restauración está unido á figura de Antonio Cánovas del Castillo. Antigo ministro da Unión Liberal o seu pensamento era moi conservador, sendo contrario ao sufraxio universal. Sen embargo, era un político realista que soubo adaptarse ás circunstancias, buscando unha estabilidade política que rematase coas continuas intervencións do exército (pronunciamentos). Defendía a idea da soberanía compartida entre o Rey e as Cortes. Conseguiu que Isabel II renunciase aos seus dereitos ao trono en 1870 en favor do seu fillo Alfonso.

Cánovas dirixiu a educación do príncipe, facendo que estudase en Inglaterra que daquela era o símbolo da política constitucional e liberal. En 1874 fixo público o chamado Manifesto de Sandhurst —nome da academia militar inglesa onde o futuro Afonso XII realizaba estudos militares— redactado polo mesmo Cánovas para preparar a restauración monárquica



Alfonso XII

... Por virtude da espontánea e solemne abdicación da miña augusta nai, tan xenerosa como infortunada, son o único representante eu do dereito monárquico en España. Arrinca este dunha lexislación secular, confirmada por todos os precedentes históricos, e está indubidablemente unida ás institucións representativas, que nunca deixaron de funcionar legalmente durante os trinta e cinco anos transcorridos desde que comezou o reinado da miña nai ata que, aínda neno, pisei eu con todos os meus chan estranxeiro. Orfa a nación agora de todo dereito público e indefinidamente privada das súas liberdades, natural é que volva os ollos ó seu habitual dereito constitucional e a aquelas libres institucións que nin en 1812 impediron que defendese a súa independencia nin rematar en 1840 outra empeñada guerra civil. (...)

Por todo isto, sen dúbida, o único que inspira xa confianza en España é unha monarquía hereditaria e representativa, mirándoa como insubstituíble garantía dos seus dereitos e intereses desde as clases obreiras ata as mais elevadas. (...)

Afortunadamente, a Monarquía hereditaria e constitucional posúe nos seus principios a necesaria flexibilidade e cantas condicións de acerto fan falta para que todos os problemas que se produzan co restablecemento sexan resoltos de conformidade cos votos e a conveniencia da nación. Non hai que esperar que decida eu nada en firme e arbitrariamente; sen Cortes non resolveron os asuntos complicados os Príncipes españois alá nos antigos tempos da Monarquía, e esta xustísima regra de conduta non hei esquecerla eu na miña condición presente, e cando todos os españois están xa afeitos ós procedementos parlamentarios. (...). Sexa a que queira a miña propia sorte, non deixarei de ser un bo español, nin como todos os meus devanceiros bo católico, nin como home do século verdadeiramente liberal.

Manifesto de Sandhursts de 1 de Decembro de 1874

O pronunciamento de Martínez Campos en Sagunto en 1875 precipitou o restablecemento da dinastía dos Borbóns no trono de España, alterando os planes de Cánovas que non desexaba que a intervención militar fose a orixe da nova etapa política. Comezou unha etapa de estabilidade política denominada A Restauración (por antonomasia). Con ela retornou ó poder a burguesía conservadora e latifundista.

1.1. A Constitución de 1876

En 1876 reuníronse unhas Cortes constituíntes que aprobaron unha nova Constitución directamente inspirada por Cánovas. O sistema político da Restauración é coñecido tamén como sistema canovista; asentouse sobre tres piares: unha monarquía encarnada na dinastía tradicional; un goberno constitucional semellante ós dos outros países de Europa occidental; e un sistema que harmonizase liberdade con autoridade e orde.

Don Alfonso XII, pola gracia de Deus, Rei constitucional de España; a todos os que as presentes visen e entendesen, sabede, Que en unión e de acordo coas Cortes do Reino actualmente reunidas viñemos en decretar e sancionar a seguinte CONSTITUCIÓN DA MONARQUÍA ESPAÑOLA.

Art. 10.— Non se imporá xamais a pena de confiscación de bens e ninguén poderá ser privado da súa propiedade senón pola autoridade competente e por causa xustificada de utilidade pública, previa sempre a correspondente indemnización. (...)

Art. 11.— A relixión católica, apostólica, romana, é a do Estado. A Nación obrígase a manter o culto e ós seus ministros. Ninguén será molestado no territorio español polas súas opinións relixiosas nin polo exercicio do seu respectivo culto, salvo o respecto debido á moral cristiana. Non se permitirán, sen embargo, outras cerimonias nin manifestacións públicas que as da relixión do Estado.

Art. 13.— Todo español ten dereito: de emitir libremente as súas ideas e opinións, xa sexa de palabra, por escrito, utilizando a imprenta ou outro procedemento semellante, sen suxección á censura previa. De reunirse pacificamente. De asociarse para os fins da vida humana. De dirixir peticións individuais ou colectivas a El Rei, ás Cortes e ás autoridades.(...)

Art. 18.— A potestade de facer as leis reside nas Cortes con El Rei.

Art. 19.— As Cortes compóñense de dous Corpos co-lexisladores, iguais en facultades: o Senado e o Congreso dos Deputados.

Art. 20.— O Senado componse: 1º De Senadores por propio dereito. 2º De Senadores vitalicios nomeados pola Coroa. 3º De Senadores elixidos polas Corporacións do Estado e maiores contribuíntes na forma que determine a lei. 4º O número dos Senadores por dereito propio e vitalicios non poderá exceder de cento oitenta. Este será o número dos Senadores electivos.

Art. 32.— As Cortes reúnen tódolos anos. El Rei ten o dereito de convocalas, de prorrogalas, de pechar as sesións, de disolver simultaneamente ou por separado a parte electiva do Senado e da Cámara dos Deputados, coa obriga de convocar e de reunir de novo outras, nos tres meses seguintes desde o día da súa disolución (...)

Art. 41.— A iniciativa das leis pertence a El Rei e a cada unha das Asembleas lexislativas.

Art. 50.— A potestade de facer executar as leis reside en El Rei (...)



María Cristina xura como Regente a Constitución de 1876 trala morte do seu marido Alfonso XII en 1885

Constitución da Monarquía española de 30 de xuño de 1876

Esta Constitución, aprobada para lexitimar a Restauración dos Borbones, tivo a vixencia máis dilatada da Historia de España. Inspirouse en gran medida na de 1845: A Coroa tiña amplísimas atribucións non só relativas ó poder executivo —facultade exclusiva de nomear ó Presidente do Consello de Ministros sen ter que contar coas Cortes— senón tamén no legislativo (a soberanía era compartida entre as Cortes e o Rei, precisando da aprobación de ambas instancias para aprobar as leis fundamentais; o rei posuía a capacidade de veto sobre as leis aprobadas polas Cortes e tiña tamén iniciativa legislativa); o monarca era ademais o xefe do exército, non só de maneira nominal, senón que se lle recoñecía a capacidade de intervir nos ascensos e nomeamentos.

As Cortes estaban formadas por dúas cámaras. O Congreso elixido polo corpo electoral, mentres co Senado representaba ás clases poderosas: Grandes de España e xerarquías eclesiásticas e militares; vitalicios nomeados polo Rey; e elixidos por sufraxio censatario dos maiores contribuíntes.


Tamén incorporou certos aspectos da Constitución democrática de 1869 (declaración de dereitos e liberdades; participación política). En definitiva, trataron de non facer unha Constitución «dun só partido» —como a moderada de 1845— buscando unha maior estabilidade política por medio da incorporación do liberalismo progresista —xunto co doutrinario do partido conservador de Cánovas— nunha mesma legalidade.

O texto é pouco explícito no referente ós dereitos, remitíndose á súa regulación no futuro. Da mesma maneira, aínda que non se recoñece o dereito ó sufraxio universal, a ambigua e flexible redacción do Art. 29 deixaba a porta aberta ó seu recoñecemento futuro (o Partido Liberal de Sagasta procedería á súa implantación en 1890). Na cuestión relixiosa declárase oficial á Igrexa Católica, permitíndose só o culto privado doutras confesións.


1.2. Sistema político de Cánovas: caciquismo e fraude electoral

O sistema político ideado por Cánovas para a Restauración descansaba sobre dúas bases: A Constitución de 1876, e o bipartidismo —alternancia de dous partidos no goberno— segundo o modelo inglés. Para isto último conseguiu a participación institucional do partido liberal dirixido por Práxedes Mateo Sagasta. Sagasta fora un destacado político liberal progresista que ocupara diversos cargos de responsabilidade durante o Sexenio Democrático. A quenda pacífica de partidos dependía precisamente de que os vellos progresistas aceptasen participar no sistema, agrupados no Partido Liberal, e colaborando á estabilidade desde a súa oposición á ideoloxía liberal doutrinaria do Partido Conservador que dirixía Cánovas.

Resultados electorais entre 1891 e 1923 que decidiron a quenda dos partidos dinásticos no
Goberno



Os partidos da época da Restauración non eran «partidos de masas» —como na actualidade— na que houbera afiliados que sostivesen unha estrutura permanente, senón que eran «partidos de notables»; é dicir, grupos constituídos en torno a algunhas figuras políticas destacadas que se organizaban só para participar nas eleccións. Neles tiñan máis influencia os líderes ca un programa concreto, moitas veces inexistente. O rei «depositaba a confianza» alternativamente nun ou noutro xefe de partido para formar goberno; este convocaba as eleccións e fabricaba os deputados precisos para obter a maioría parlamentaria e poder así gobernar. Ningún goberno da Restauración perdeu nunca unhas eleccións que convocara, utilizando mecanismos de control e mais o fraude.



Denuncia do fraude electoral sistemático

La Campana de Gracia: Pucherazo

Entre nós reina a farsa en toda a súa crueza, unha farsa completa, especial e exclusiva das eleccións españolas. O mesmo se o sufraxio é universal que restrinxido, nunca hai máis cun só elector: o Ministro de Gobernación. Este cos seus gobernadores de provincia e o innumerable exército de empregados de todas clases, sen excluír os altos cargos da maxistratura e do profesorado, prepara, executa e consuma as eleccións, de calquera clase que sexan, desde o fondo do seu despacho, situado no centro de Madrid.

Para facer as listas de electores póñense nelas algúns nomes verdadeiros perdidos entre unha multitude de imaxinarios, e sobre todo defuntos. A representación destes últimos dáse sempre a axentes disfrazados de paisano para iren votar. O autor destas liñas, viu repetidamente que o seu pai, falecido hai algúns anos, ía depositar o seu voto na urna baixo a figura dun varredor da cidade ou dun sabuxo de policía, vestido cun traxe emprestado. Os individuos que compoñen as mesas dos colexios electorais presencian moitas veces transmigracións semellantes das almas dos seus propios pais (...)

Este sistema de eleccións por medio da resurrección dos mortos e os axentes de policía disfrazados de electores non é, sen embargo, o peor dos medios utilizados para falsear o sufraxio polos nosos pretendidos defensores do parlamentarismo e do sistema representativo. Apresurémonos a dicir que ordinariamente non se deteñen nesas aparencias de humano respecto, e que o que fan é sinxelamente aumentar o número de votos emitidos ata ter asegurada a elección do candidato adicto (...) En resume, a nosa comedia electoral non respecta absolutamente nada. Nada hai que sexa sagrado para ela: listas electorais, urnas, escrutinio, todo é falseado polos nosos políticos baixo a inmediata dirección do gobernador civil de cada provincia.


(...)Almirall, V. España tal como es. 1880

A falsificación das eleccións converteuse en norma no sistema canovista sendo os seus axentes os caciques. O cacique era un persoeiro da oligarquía local que, pola súa posición económica, cargo, relacións locais e cultura exercía sobre os veciños do lugar unha influencia absoluta. Así as dúas pezas fundamentais do sistema serán, dunha banda os dirixentes políticos que en Madrid ocupan os Ministerios, Senado e Congreso, pertencentes en xeral á oligarquía terratenente e nobiliaria; por medio dos gobernadores civís conectaban coas oligarquías locais que exercían de caciques nos territorios respectivos. Pérez Galdós denuncia o caciquismo

... Consecuencia deste sistema é o caciquismo, ou sexa o entronizamento de certos individuos nas localidades, que, como instrumento do deputado, son donos dos resortes administrativos. O cacique dá e quita os miserentos postos de traballo que gozan os máis pobres do pobo; seus son o carteiro-peón, o secretario do Concello, o peón camiñeiro, o expendedor de efectos estancados. O cacique é quen ó facer o reparto de contribución carga a man ó adversario, aliviando ó amigo, do que se orixinan desgustos mil, e ás veces porradas e ata puñaladas. Verdade que o tirano da aldea, que tan grandes servizos presta ó deputado, someténdolle a localidade, agobia a este coas súas esixencias, ata o punto que moitos representantes do país renegan da hora na que se meteron en semellantes leas. O deputado apoia e encubre os desmáns do seu axente; pero dánse casos nos que os clamores da comarca se fan sentir no Congreso, e o Goberno vese obrigado a recortar o

excesivo celo daquel déspota escuro.

Benito Pérez Galdós. Política española



A farsa democrática. -Yo represento la voluntad nacional
(Castelao)

O Sistema de Cánovas proporcionou unha aparente estabilidade política ó país, do que desapareceron os pronunciamentos e as loitas fraticidas que caracterizaran a etapa anterior, pero ó custo de falsear a vontade popular nunhas Cortes nas que a oligarquía impuña os seus intereses ó país; e isto sucedeu tanto na etapa de sufraxio censatario (ata 1890) como cando os liberais, presididos por Sagasta, implantaron o sufraxio universal masculino. Joaquín Costa caracteriza o sistema político da Restauración como Oligarquía e caciquismo

... Con isto chegamos a determinar os factores que integran esta forma de goberno, e a posición de cada un deles respecto ós demais.

Estes compoñentes exteriores son tres: 1º Os OLIGARCAS, os chamados *prohombres* ou notables de cada bando que forman a «plana maior», residentes ordinariamente no centro; 2º os CACIQUES, de primeiro segundo e terceiro grao, diseminados polo territorio; 3º o

GOBERNADOR CIVIL, que serve de órgano de comunicación e de instrumento. A isto redúcese fundamentalmente todo o artificio que baixo a súa pesadume xeme rendida e prostrada a Nación.

Oligarcas e caciques constitúen o que acostumamos denominar clase directora ou gobernante distribuída ou encadrada en «partidos». Pero aínda que a chamemos así, non é tal; se fose clase dirixente formaría parte da Nación, e non é mais cun corpo alleo. (...)


Joaquín Costa. Oligarquía y caciquismo. 1903

2. A OPOSICIÓN AO RÉXIME CANOVISTA

Desde o comezo da monarquía existiron correntes minoritarias, políticas, intelectuais e sociais, que denunciaron o carácter reaccionario do réxime. Pero cando adquiriron unha importancia significativa foi despois do desastre do 98 e a crise dos partidos dinásticos.

2.1. O Movemento Obreiro

Os socialistas. O pequeno grupo marxista existente en Madrid desde o Sexenio, dirixido por Pablo Iglesias, evolucionou ata a formación dun partido Socialista. O futuro Partido Socialista Obrero Español tivo a súa orixe en 1879, pero non adquiriu importancia ata dez anos despois. En 1888 os dirixentes do PSOE crearon un sindicato afín, a Unión General de Trabajadores (UGT).



Implantación do Movemento Obreiro en 1880

“Considerando que a sociedade actual ten tan só por fundamento o antagonismo de clases;

Que este acadou nos nosos días o seu maior grao de desenvolvemento, como ben claro o revela o cada vez máis reducido número dos inmensamente ricos e o sempre crecente dos inmensamente pobres;

Que a explotación que exercen aqueles sobre estes é debida unicamente á posesión dos primeiros da terra, máquinas e demais instrumentos de traballo;

Que dita posesión está garantida polo poder político, hoxe en mans da clase explotadora; é dicir da clase media. (...)

Por estas razóns, o Partido Socialista Obrero Español declara que a súa aspiración é:

Abolición das clases, ou sexa, emancipación completa dos traballadores. Transformación da propiedade individual en propiedade social ou da sociedade enteira. Posesión do poder político pola clase traballadora.

E como medios inmediatos para achegarnos á realización deste ideal, os seguintes:

Liberdades políticas. Dereito de coalición ou legalidade das folgas. Redución das horas. Prohibición do traballo dos nenos menores de nove anos, e de todo traballo pouco hixiénico ou contrario ós bos costumes, para as mulleres. Leis protectoras da vida e da saúde dos traballadores. Protección ás Caixas de socorros mutuos e pensións ós inválidos do traballo. Creación de escolas gratuítas para a primeira e segunda ensinanza e de escolas profesionais dos que os establecementos, a instrución e educación sexan laicas. Xustiza gratuíta e Xurado para todos os delitos. Servizo de Armas obrigatorio e universal e milicia popular. Adquisición polo Estado de todos os medios de transporte e de circulación, así como de minas, bosques, etc. E todos aqueles medios que o Partido Socialista Obrero Español acorde segundo a necesidade dos tempos.”

Oligarcas e caciques constitúen o que solemos denominar clase directora ou gobernante distribuída ou encadrada en «partidos». Pero aínda que a chamemos así, non é tal; se fose clase dirixente formaría parte da Nación, e non é mais cun corpo alleo. (...)

Oligarcas e caciques constitúen o que solemos denominar clase directora ou gobernante distribuída ou encadrada en «partidos». Pero aínda que a chamemos así, non é tal; se fose clase dirixente formaría parte da Nación, e non é mais ca un corpo alleo. (...)

Programa do PSOE, Madrid, 9 de xullo de 1879.

Os anarquistas. A Federación de Trabajadores de la Región Española era a asociación obreira maioritaria. Herdeira dos primeiros grupos anarquistas desde 1881, mantivo a crítica ós partidos, rexeitando toda participación política. A súa táctica foi a ‘propaganda polos feitos’, concretada nunha serie de atentados a final de século (coma o asasinato de Cánovas en 1897) que provocaron unha durísima represión por parte das autoridades. A súa implantación foi moi importante no campo andaluz e en Cataluña.



A folga, Ramón Casas, 1902

Os primeiros anos do século XX foron de crecemento importante do movemento obreiro. En 1910 creouse a Confederación Nacional del Trabajo (CNT), sindicato anarquista que pasou de 30.000 membros en 1911 a 700.000 en 1919. Ó mesmo tempo o PSOE vai acrecentando a súa presenza, se ben limitada, nos concellos urbanos e nas Cortes (o primeiro deputado foi Pablo Iglesias en 1910, cando se presentaron unidos socialistas e republicanos). A UGT tamén aumentou a afiliación nestes anos, pasando de 40.000 afiliados en 1910 a 240.000 en 1921.

2.2. Os republicanos

Tras a restauración da monarquía en 1875 os republicanos foron perseguidos, e moitos deles estiveron exiliados. Mantiveron unha actitude crítica fronte á Monarquía, pero dentro deles existen posicións diferentes. O antigo líder radical, Ruiz Zorrilla, aínda confiaba nun pronunciamento militar para derrubar á monarquía e, en 1886, apoiou a intentona fracasada de Villacampa.

Xurdiron dous novos partidos: os radicais de Lerroux e os reformistas encabezados por Melquíades Álvarez e Azcárate. Os primeiros utilizaron un discurso demagóxico, sen definirse claramente, no que se criticou á Monarquía, á burguesía e a Igrexa. Evolucionaron progresivamente cara un republicanismo conservador.

O Partido Reformista estivo integrado por personalidades coñecidas e intelectuais de prestixio, moitos deles procedentes da Institución Libre de Enseñanza formada en 1876. Nas súas filas atóparonse desencantados do sistema e republicanos moderados, que criticaron ó sistema pero crían na posibilidade de reformas baixo a propia Monarquía. Remataron entrando no último goberno monárquico antes do golpe de Estado de 1923.

Os partidos republicanos foron incapaces de formar unha agrupación única e a súa influencia foi minoritaria pero cada vez maior, tendo unha presenza importante nas cidades máis desenvolvidas. Foron sempre a principal minoría, fóra dos partidos alternantes, nas Cortes (entre o 7 e o 10 % dos deputados).

Entre os grupos de ideoloxía monárquica que xorden ante a falta de reformas do sistema e propugnando un cambio de réxime como único medio de aplicar as reformas, hai que destacar ó formado por Ortega y Gasset en 1913, a Liga de Educación Política da que formaron parte Azaña, Marañón e Madariaga. Seguiu as teses rexeneracionistas de Joaquín Costa, atraendo a gran número de intelectuais, ademais dos xa sinalados, e tendo a revista España como voceiro das súas ideas.


Os carlistas. Os carlistas tiveron cada vez menos apoio. Decidiron, finalmente, renunciar ás armas. Seguiron tendo as súas bases no País Vasco e Navarra, aínda que nunca acadaron máis do 3% nas eleccións que se presentaron.

Os rexionalistas e nacionalistas (analizarémolos máis adiante)

3. GUERRA COLONIAL E CRISE DE 1898

3.1. O desastre do 98


Os alzamentos armados dos independentistas cubanos sucedéranse de maneira intermitente desde 1868. A partir de 1895 desencadeouse a etapa decisiva, tanto en Cuba como en Filipinas. En España Sagasta substituíra ó asasinado Cánovas no verán de 1897 e iniciou unha política de conciliación. Pero os independentistas cubanos rexeitaron a autonomía que lle ofreceu o goberno, ante a oposición dos grupos conservadores.



A Cuba por non ter 100 reais

A guerra só foi sentida polas familias que tiñan que mandar os seus fillos a Cuba porque non podían pagar as dúas mil pesetas que os librasen do servizo militar. A opinión pública, en xeral, non era consciente da superioridade económica e bélica de Estados Unidos. Só unha minoría criticou a guerra: Pi i Margall (a favor da independencia de Cuba); o Partido Socialista e Miguel de Unamuno entre eles.

Nos Estados Unidos desenvolveuse unha campaña a favor da intervención en Cuba encabezada polo magnate da prensa Hearst. Cóntase que ante un telegrama do corresponsal na Habana que dicía: “Aquí todo está en calma / Non hai axitación / Quixera regresar porque non haberá guerra”. Hearst contestou: “Quédese aí / de que haxa guerra encárgome eu”. O goberno dos Estados Unidos



Propaganda anti-española en EE UU

enviou uns navíos a Habana, supostamente para defender ós estadounidenses residentes en Cuba, en febreiro de 1898. Un destes navíos, o Maine, sufriu unha explosión a noite do 15 de febreiro que foi aproveitada para declararlle a guerra a España, aínda que non se soubo quen provocara a explosión, ou se fora un accidente.

“A situación actual da illa de Cuba é unha ameaza constante para a nosa paz interior e impón ó Goberno dos Estados Unidos gastos enormes, consecuencia dun conflito que dura hai anos nunha illa tan próxima ó noso país, e tan unida a nós por importantes relacións comerciais, e corren constante perigo a vida e a liberdade dos nosos concidadáns; mentres se destrúen as facendas e os caudais distes e están expostos a ser apresados, e o son, en efecto, os nosos buques mercantes pola Mariña dun Goberno estranxeiro.”

Mensaxe ó Congreso do presidente de Estados Unidos, McKinley, 11 de abril de 1898

A opinión pública española, mobilizada polos oligarcas con intereses económicos en Cuba, despregou unha campaña irreal e chovinista. A clase política, coñecedora da realidade da situación, preferiu a loita á rendición sen batalla. Desprezábase o poderío de Estados Unidos e confiábase nun triunfo fácil. Así o sinalaba o xornal El Socialista: “Con chamar porcos ós ianquis e tocar a marcha de Cádiz tiñamos bastante”.

“A los pocos días de llegar a Madrid, Andrés se encontró con la sorpresa desagradable de que se iba a declarar la guerra a los Estados Unidos. Había alborotos, manifestaciones en las calles, música patriótica a todo pasto. (...)”

En todas partes no se hablaba más que de la posibilidad del éxito o del fracaso. El padre de Hurtado creía en la victoria fácil española; los yanquis, que eran todos vendedores de tocino, al ver a los primeros soldados españoles dejarían todos las armas y echarían a correr. (...)”

Los periódicos no decían más que necedades y bravuconadas: los yanquis no estaban para la guerra; no tenían ni uniformes para sus soldados. En el país de las máquinas de coser, el hacer unos cuantos uniformes era un conflicto enorme, según se decía en Madrid.

Para colmo de ridiculez, hubo un mensaje de Castelar a los yanquis. (...) Era bastante para que los españoles de buen sentido pudieran sentir toda la vacuidad de sus grandes hombres. (...)”

Los periódicos traían cálculos completamente falsos. Andrés llegó a creer que había alguna razón para los optimismos.”

Pío Baroja: El árbol de la ciencia. Sexta parte, 1911

A destrución da frota española en Filipinas (Cavite, finais de abril) e Santiago de Cuba (3 de xullo) fixo cambiar o triunfalismo polo pesimismo e a aceptación da crúa realidade da inferioridade española:

“Quince minutos durou o combate e ese tempo bastou para que os nosos cruceiros de guerra quedaran asestados polas máis formidables máquinas de guerra, estalando sobre eles explosivos de horrible forza destrutora, inferiores en número as nosas naves, e moito máis inferiores aínda os seus medios de acción...”

Fatal e necesario foi o desastre: non intentemos



Prisioneiros españois en Cuba

buscar vítimas propiciatorias e moito menos elixilas entre as clases que por deber honroso aceptaron e sufriron a parte máis crúa do desastre.”

Blanco y Negro

España, tras a derrota, non tivo máis remedio que aceptar a paz baixo as condicións de Estados Unidos:

“S. M. a Raíña Rexente de España, en nome do seu augusto fillo D. Alfonso XIII, e os Estados Unidos de América, desexando poñer termo ó estado de guerra hoxe existente entre ambas nacións (...) conveñen nos seguintes artigos:

Art. 1. España renuncia a todo dereito de soberanía e de propiedade sobre Cuba. En atención a que dita illa, cando sexa evacuada por España, vai ser ocupada por Estados Unidos, estes, mentres dure a ocupación, tomarán sobre si e cumprirán as obrigacións que, polo feito de ocupala, lles impón o dereito internacional para a protección de vidas e facendas.

Art. 2. España cede ós Estados Unidos a illa de Puerto Rico (...) e a illa de Guam.

Art. 3. España cede ós Estados Unidos o arquipélago coñecido polas Illas Filipinas.”

Tratado de paz entre España e os Estados Unidos, 10 de decembro de 1898

3.2. A reacción ó desastre: o rexeneracionismo e a xeración do 98

Coñécese co nome de rexeneracionismo ó movemento de opinión que, ó rematar a guerra, propuxo solucións para rexenerar España. Era un movemento de grupos e individuos relacionados por un fondo común: a convicción de que o sistema fracasara, pero tamén a de que non esgotara as súas posibilidades. A solución era abrir ese sistema a novos grupos, permitir a participación no poder político de aqueles que vían o camiño pechado pola minoría oligárquica gobernante. O mal non estaba na lei electoral, senón nos partidos e nas Cortes, que non representaban á nación como consecuencia da masiva corrupción electoral.

A súa análise da situación española era claramente pesimista:

“Entre os vicios da enfermidade nacional destaca a paralización do progreso da marcha evolutiva social, o predominio da palabra da retórica sobre o pensamento, esquecemento e suplantación da tradición, perda da personalidade, desorientación, incultura, *ideoloxismo*, vagancia, pobreza, moral bárbara, irrelixiosidade decadentista, incivilidade regresiva (...)”

Macías Picavea, El problema nacional

A maioría das propostas rexeneracionistas apareceron a finais do ano 1898. A ideoloxía das propostas basculaba entre a dereita e o centro. Mesmo o sucesor de Cánovas na xefatura do Partido Conservador, Silvela, se encadraba nesta corrente de opinión que pretendía sandar o sufraxio universal, rematar co caciquismo e apelar á conciencia dos españois para superar a decadencia da patria:

“Os doutores da política e os facultativos de cabeceira estudarán, sen dúbida, o mal; discutirán sobre as súas orixes, súa clasificación e seus remedios; pero o máis alleo á ciencia que preste algunha atención ós asuntos públicos observa este singular estado de España: *“Donde quiera que se ponga el tacto, no se encuentra el pulso”* (...).

Monárquicos, republicanos, conservadores, liberais, todos os que teñan algún interese en que este corpo nacional viva, é necesario que se alarmen e preocupen con tal suceso (...).

A guerra cos ingratos fillos de Cuba non moveu unha soa fibra do sentimento popular. Falaban con elocuencia os oradores nas cámaras de sacrificar a última peseta e derramar o

último sangue... dos demais; obsequiaban os Concellos ós soldados, que saudaban e marchaban submisos; soaba a marcha de Cádiz; aplaudía a prensa, e o país, inerte, deixaba facer (...).

Faise a paz, a razón aconséllao, os homes de sereno xuízo non a discuten; pero ela significa o noso vencemento, a expulsión da nosa bandeira das terras que descubrimos e conquistamos (...). Todos agardaban ou temían algún estremecemento da conciencia popular; só se advirte unha nube xeral de silenciosa tristeza que presta como fondo gris ó cadro, pero sen alterar vidas, nin costumes, nin diversións, nin submisión ó que sen saber por que nin para que, lle toque ocupar o Goberno (...).


Francisco Silvela, España sin pulso, en El Tiempo, 16 de agosto de 1898

Entre os escritos rexeneracionistas destacaron: o manifesto do xeneral Polavieja, con concesións ós rexionalistas, os manifestos da Unió Catalanista e os da Cámara Agrícola do Alto Aragón (presidida polo máis importante membro deste grupo, Joaquín Costa). Nas súas ideas non existe a postura pro-ditatorial que moitos ven na proposta de Costa de que España necesitaba un “cirurxán de ferro”. Non pensaba Costa en ditadores, senón en homes firmes que exerceran a autoridade sen contemplacións, pero co apoio do voto dos españois. Sen embargo, os ditadores do futuro (Primo de Rivera e Franco) apropiáronse das palabras de Costa para presentarse como herdeiros do rexeneracionismo.

Tratábase de levar a cabo unha recuperación económica e cultural do país, que Costa resumía en “despensa e escola”. Había que achegarse á Europa que dominaba o mundo, contraste dunha España que acababa de perder os restos do seu Imperio.

Os rexeneracionistas fracasaron no seu intento de influír na política española. A pasividade da sociedade española ante a ineficacia dos políticos mostrada polas baixísimas taxas de sindicación e as altísimas porcentaxes de abstención electoral fixo que as súas propostas non tivesen eco nese momento. Ademais, os rexeneracionistas tampouco crearon un instrumento de participación política. Non se creará o partido político novo, necesario para tal fin, que Costa propuña.

Fracasaron na práctica, pero moitas das súas ideas foron recoxidas polos intelectuais da xeneración do 98 e, tamén, polos partidos republicanos e de esquerda, como base do seu proxecto de reforma da vida española.



Caricatura de Joaquín Costa

- A xeración do 98

A xeración debe o seu nome ó mesmo desastre colonial español. Os intelectuais do 98 contribuíron a darlle unha interpretación nacionalista á guerra de Cuba. Chegaron a Madrid desde as provincias para conquistar fama literaria: Azorín, do Levante; Valle-Inclán, de Galicia; Machado, de Andalucía; Baroja, de Guipúscoa; Maeztu e Unamuno, de Biscaia. Todos eles idealizaron a paisaxe e a historia de Castela, identificando a España con Castela e as súas tradicións. Unha Castela depositaria da esencia de España, fronte ós nacionalismos periféricos.

Os intelectuais da xeración do 98 participaron do espírito rexeneracionista. Foron portavoces do malestar das clases medias e da pequena burguesía, á que pertencían, a causa dos cambios económicos que se produciron tras a guerra colonial. No grupo destacou a súa convicción de que os males do país (a crise provocada polo desastre) necesitaban remedios políticos e sociais. A súa análise da perda das colonias está chea dun patriotismo retórico,

no que se identifica o sistema colonial coa situación de decadencia de España. Decadencia que non era real, como amosaron as transformacións económicas dos anos que seguiron ó 98.

“ (...) A Andrés le indignó la indiferencia de la gente al saber la noticia. Al menos él había creído que el español, inepto para la ciencia y la civilización, era un patriota exaltado, y se encontraba que no; después del desastre de las dos pequeñas escuadras españolas en Cuba y en Filipinas, todo el mundo iba al teatro y a los toros tan tranquilo; aquellas manifestaciones y gritos habían sido espuma, humo de paja, nada.”

Pío Baroja, El árbol de la ciencia. Sexta parte, 1911

A guerra de Cuba non foi a fin do Imperio (este xa se perdera en 1824), senón a fin do sistema económico colonial que beneficiaba a oligarquía; non era o desastre de España como nación, senón a fin dos negocios coas colonias. A reacción crítica pesimista e dos escritores do 98, xunto coa dos rexeneracionistas en conxunto, foi importante porque evidenciou a ruptura do bloque oligárquico dominante e porque as súas críticas ó sistema político da Restauración contribuíron á crise do mesmo.

Se ben se equivocaron na súa análise da derrota do 98, non se pode esquecer que con eles xorde o termo “intelectual” en España con clara conciencia de pertencer a unha “clase” nova que ten unha función de carácter reitor na vida social e política. Exerceron unha influencia considerable na vida española ata a fin da Guerra Civil, non tanto coas súas novelas, senón cos seus ensaios e, sobre todo, cos seus artigos na prensa. Algúns dos seus membros máis destacados levaron o seu compromiso ata a participación activa en política, aínda que en campos políticos diferentes.

4. INTENTOS DE MODERNIZACIÓN E CRISE DO SISTEMA. CONFLITIVIDADE SOCIAL E PROBLEMA DE MARROCOS.

4.1. A crise dos partidos dinásticos

O sistema da quenda sobre o que se asentaba o funcionamento da Constitución de 1876 comezou a fallar, en gran parte pola morte dos dous grandes líderes, Cánovas e Sagasta. Os partidos dividíronse entre os partidarios dun ou outro candidato á xefatura do propio partido. Maura mantivo unidos ós conservadores ata 1909, pero despois da crise deste ano os mauristas enfróntanse ós seguidores de Dato ou de De la Cierva. Ocorreu o mesmo no Partido Liberal, Canalejas substituíu a Sagasta, pero despois do asasinato de aquel en 1912 xurdiron as disputas pola xefatura. Ata 1917 mantívose a quenda bipartidista, pero xa é patente o aumento dos deputados que representan a novos sectores, sobre todo republicanos e catalanistas.

Sen embargo, o máis grave (como xa vimos arriba), foi que o pobo non interviña na vida política. Os dous partidos que tiñan o monopolio do poder seguían utilizando o sistema caciquil para conseguir votos, de tal modo que sempre triunfaba nas eleccións o partido que estaba no poder. O cambio de partidos no goberno producíase, non a consecuencia dunha consulta electoral, senón porque unha crise ou un amplo movemento en contra do partido no poder facía que a Coroa chamara a gobernar ó partido da oposición.

Nas decisión de cambiar o Goberno xogou cada vez maior protagonismo o rei Alfonso XIII, desde a súa proclamación en 1902. A súa simpatía por un ou outro candidato, e o seu propio interese, foi cada vez máis importante á hora de conceder a disolución das Cortes. A actitude real ligou a propia Monarquía ó sistema de alternancia. A crise e desprestixio do sistema foi tamén a crise e desprestixio da Monarquía.

- As reformas de Maura

Entre 1904 e 1909 a figura dominante na política española foi Antonio Maura, líder do Partido Conservador. Tratou de reformar o sistema creando unha lexislación que permitise acabar co caciquismo mediante a reforma da lei electoral e da administración local (introducindo unha certa autonomía municipal). A reforma electoral tiña bos principios legais pero non eran aplicables sen cambios estruturais de todo o sistema político e social. A pesar diso estivo vixente na II República, aínda que con importantes modificacións.



Alfonso XIII e Antonio Maura

A lei de 1907 declaraba o voto obrigatorio e creaba a figura do candidato. A condición de candidato atribuíaselle automaticamente a quen xa fose con anterioridade deputado, mentres que os outros aspirantes deberían ser propostos por outros membros das altas clases políticas ou por 500 electores do distrito, o que non era nada fácil para quen non tivese influencias ou apoios institucionais. O artigo 29 da lei ofrecía outra vantaxe ó candidato. Podía ser proclamado automaticamente, sen eleccións, deputado, cando non se presentara outro aspirante no seu distrito.

Xa nas eleccións de 1910 obtiveron a acta de deputados polo artigo 29 máis de 100 deputados dos 404 totais. Pero, ademais, máis da metade dos concellos en España constituíronse polo mesmo artigo, ó igual que case a metade das deputacións provinciais, en 1916. O artigo 29, pese a declaración de obrigatoriedade do voto, conduciu a un aumento da abstención. O corpo electoral era na súa ampla maioría analfabeto e carecía de coñecementos sobre os seus dereitos.

Os beneficiarios principais deste sistema serían os partidos tradicionais, facendo posible que ditas formacións conseguiran nas sucesivas eleccións e ata 1923, entre un 80 e un 90 por 100 dos escaños.

A oposición ás reformas e os acontecementos da Semana Tráxica de Barcelona en 1909 provocaron a caída de Maura.

- Crise e intervencionismo militar

A derrota de España fronte a Estados Unidos en 1898, e a perda das últimas colonias, levaron ós militares a unha nova etapa de intervención na política. Os soldados e oficiais superviventes regresaron a España frustrados e atopáronse cunha actitude indiferente, ninguén agradecía os seus servizos. Despois de 1900 moitos oficiais sentíronse mal pagados en relación ó seu nivel social, a pesar de que o exército levaba máis da metade do orzamento nacional e a súa maior parte empregábase no pago de salarios. O número de oficiais era claramente desproporcionado fronte o número de soldados: 500 xenerais e 24.000 oficias para 50.000 soldados.



Saga militar dos Noreña (1915)

O goberno chamou repetidamente ó exército para facer fronte á axitación laboral en Barcelona e outros lugares. Os oficiais, como casta, odiaban ó rexionalismo catalán e desprezaban ás clases traballadoras. Desde 1904, o exército estivo implicado na guerra de Marrocos, coa oposición da opinión pública. Moitos políticos e escritores atacaban ás forzas militares, por ineficaces. Os oficiais, indignados coas críticas ó exército, fóronse distanciando e, mesmo se enfrontaron, ó sistema parlamentario. En todo este proceso xogou un papel importante o rei, relacionado intimamente co xeneralato e intervindo directamente nos asuntos marroquís.

“Son innumerables as veces que o elemento armado interveu nas folgas, tomando parte en sangrentos lances nos que, en lugar da gloria, conseguiu o odio do pobo, que debía estar identificado con el e con el marchar unido, o mesmo nas circunstancias favorables que nas adversas. Creo que a vida dun soldado vale infinitamente máis que a dun folguista amotinado e rebelde. O Exército é a máis fermosa e xenuína definición da democracia.”

Capitán Fanjul, Misión social del Ejército, 1907

En 1905 sinálase o arranque do protagonismo militar. As tensións en Barcelona eran considerables. Os oficiais eran claramente opostos ó nacionalismo catalán en auxe. Pola súa banda, a maior parte do pobo e da burguesía catalá consideraba ó Exército unha institución inútil, símbolo do centralismo castelán. Desde ambos bandos realizábase unha campaña de prensa feroz, na que se trataban como inimigos.

“Os cataláns, que teñen como aspiración esencial o separatismo, non poden nin deben ser tratados como os demais cidadáns españois (...) e mentres non demostre toda Barcelona que é españolísima, gardaremos o noso cariño para aqueles que o merecen máis que os catalanistas barceloneses (...)

Caíamos sobre a canalla catalanista, sobre esa chusma de miserables que cantan o “Bon cop de fals” e berran “¡Morra España!” sen que se lles curte a lingua ou llela atravesen cun ferro candente (...)

Se o elemento armado non aplica o remedio, o mal subsistirá ata acadar proporcións de gravidade extrema (...)

(...) o anatema lanzado contra os fillos espurios de España que renegan da súa nai ó eco dese himno de odio impotente que se chama “Os segadores”. (...) Nosoutros xamais esperamos nada das Cortes. O remedio contra os canallas está no Exército.

Moi ben. Aceptado. Que comecen a segar os militares.

La Correspondencia Militar. El Ejército Español. 1905.

En 1905, un grupo de militares (200 xefes e oficiais) asaltaron e destrozaron os talleres dos periódicos Cu-Cut e La Veu de Catalunya. O Goberno non só non tomou medidas disciplinarias contra os participantes nos asaltos senón que conseguiu a aprobación nas Cortes da “Lei de Xurisdiccións”, que recoñecía a xurisdicción militar e tribunais militares nos chamados delitos contra a unidade da patria (problema do nacionalismo catalán e a liberdade de prensa) e contra as inxurias ás forzas armadas. A aprobación desta lei, co abandono dos republicanos do Parlamento en sinal de protesta, marcou a impotencia dos partidos da quenda fronte ós militares que adquiriron cada vez maior protagonismo na vida política, co apoio do monarca.



4.2. A intervención militar en África: o problema de Marrocos

A intervención militar en África foi un elemento fundamental na política interior española do s. XX, e foi así por catro razóns:

1. A ocupación tradicional das prazas africanas (Melilla, Ceuta, zonas de soberanía e Canarias).

2. A política de intervención e expansión en África, acentuada na segunda metade do s. XIX. e que cobrou maior importancia despois de 1898. Había que lavar a honra do exército e o prestixio internacional de España, moi debilitados fronte ás demais potencias.

3. O interese doutras potencias en Marrocos. Despois de varias negociacións, o Tratado hispano-francés de 1912 repartiu o territorio en dúas zonas de “protectorado”. A do norte correspondeu a España.

4. A presión dun importante sector militar para afirmar e exercer unha presenza máis agresiva e de prestixio en Marrocos, e en África. Este aspecto non era novo e non era compartido só polos militares (o mesmo Costa era membro dunha sociedade africanista nos anos oitenta). Alfonso XIII considerábao un tema vital para ampliar o prestixio da monarquía.

Sen embargo, o problema da intervención africana centrábase en dous aspectos: a consecución dunha ocupación militar efectiva e a opinión adversa de grandes sectores da poboación española, contrarios os gastos e sacrificios da intervención militar.



Posesión españolas e francesas no norte de Marrocos

“O goberno provocou unha agresión dos mouros: tiña necesidade disto para xustificar unha agresión do territorio contiguo a Melilla (...) ¿Desde cando teñen os españois dereito a construír ferrocarrís e a explotar minas en Marrocos sen concesión expresa do Sultán?

¿A que imos a Marrocos? ¿A defender os nosos intereses comerciais? Pois iso é mentira. E é mentira porque nós non temos comercio no sentido de expansión.

Falan de patriotismo (...) Pero eu cría que o patriotismo non consiste en explotar minas de territorios que non son de España. Eu entendín que era máis patriótico oporse a que na provincia de Huelva, unha compañía inglesa, a de Riotinto, sexa dona absoluta, e dispoña dun verdadeiro exército de soldados armados (...)

Eu digo que ir a Marrocos é a revolución, e ó dicilo, sirvo á Patria e ó Rei moito mellor que facendo crer ó rei e á Patria que ir a Marrocos convén á Nación e á Monarquía.

¡Trasatlántica! ¡Reservistas! ¡Guerra! ¡A historia repítese! ¡Os anos do desastre volven a atormentarnos co seu recordo!

El Correo de Guipúzcoa; La Correspondencia de España; El Motín. 1909

A ocupación comportou unha inacabable serie de dificultades e derrotas (Barranco del Lobo, 1909; Annual, 1921). Ademais dividiuse o exército entre africanistas e renovadores (membros das Juntas de Defensa), como veremos máis adiante.

4.3. A Semana Tráxica

O antimilitarismo e o anticlericalismo foron os compoñentes esenciais do movemento insurreccional que estalou en Cataluña —e moi especialmente en Barcelona— en xullo de 1909, sendo unha manifestación clara dos factores que minaron o sistema. Os protagonistas da insurrección foron principalmente traballadores.



Barricada en Barcelona (xullo 1909)

“Considerando que a guerra é unha consecuencia fatal do réxime de produción capitalista; considerando ademais que dado o sistema español de recrutamento do exército, só os obreiros fan a guerra que os burgueses declaran.

A asemblea protesta enerxicamente:

1. Contra a acción do goberno español en Marrocos.
2. Contra os procedementos de certas damas da aristocracia, que insultaron a dor dos reservistas, das súas mulleres e dos seus fillos, dándolles medallas e escapularios, en vez de proporcionarlles os medios de subsistencia, que lles arrebatan coa marcha do xefe de familia.
3. Contra o envío á guerra de cidadáns útiles á produción, e en xeral, indiferentes ó triunfo da cruz sobre a media lúa, cando se poderían formar rexementos de curas e de frailes que, ademais, de estar directamente interesados no éxito da relixión católica, non teñen familia, nin fogar, nin son de utilidade algunha ó país, e
4. Contra a actitude dos deputados republicanos que ostentando un mandato do pobo non aproveitaron súa inmunidade parlamentaria para poñerse á fronte das masas na súa protesta contra a guerra:

E compromete á clase obreira a concentrar todas as súas forzas, por se tivera que declararse a folga xeral para obrigar ó goberno a respectar os dereitos que teñen os marroquís a conservar intacta a independencia da súa patria.”

Proclama da Asemblea Obreira de Tarrasa (21 de xullo de 1909)

O motivo inmediato do movemento baseouse no descontento pola mobilización de reservistas e o embarque de tropas destinadas a conter os ataques marroquís en Melilla. Os sindicatos deron a orde de paro xeral en Barcelona para protestar contra dito embarque. Ante o desconcerto das autoridades os anarquistas foron donos, durante uns días, da cidade: foi a Semana Tráxica (do 26 ó 31 de xullo).

O día 29 a revolta iniciou o seu declive. A esperanza dos sublevados de que o



El miércoles de la Semana Trágica se suceden en Barcelona numerosos incendios de iglesias y conventos.

movemento se estendese ó resto de España foi case imposible pola incomunicación en que se atopaba Barcelona. Ademais, o Goberno encargouse de difundir por toda España a falsa noticia de que os acontecementos de Barcelona tiñan carácter separatista. Un centenar de mortos e sesenta igrexas e conventos incendiados e saqueados foron o balance final do movemento revolucionario.

O Goberno centrou a responsabilidade da heteroxénea e espontánea revolta exclusivamente nos anarquistas. Como cabeza de turco foi escollido, sen probas, o fundador da Escola Moderna, centro de ensino laico e de tendencia anarquista, Francisco Ferrer i Guardia. Ferrer foi executado o 13 de outubro. A execución de Ferrer provocou un amplo movemento internacional de protesta, que fixo caer o goberno de Maura.

4.4. Da grande crise de 1917 á Ditadura de Primo de Rivera

No ano 1917, ademais da propia crise do sistema, aumentaron as dificultades internas como consecuencia da Iª Guerra Mundial. A escaseza de produtos alimenticios, a subida dos prezos, sen correspondencia cos salarios, e o descenso real das condicións de vida das clases obreiras e medias conduciron á crise de 1917.

- A radicalización do movemento obreiro

Os dous sindicatos obreiros, UGT e CNT (socialistas e anarquistas), decidiron unir as súas forzas ante a gravidade da situación. Os seus obxectivos non foron, como ata o de agora, exclusivamente económicos e sociais, senón que as súas actuacións foron dirixidas cara a transformación do Estado e do réxime político. A primeira folga xeral nacional da historia do movemento obreiro español celebrouse en decembro de 1916, con éxito participativo pero sen resultados. Os prezos seguiron subindo. Nunha reunión conxunta en marzo de 1917 decidiron os dous sindicatos organizar unha folga xeral indefinida. O programa, redactado polo dirixente socialista Besteiro tiña un claro contido político. Todas as peticións ían dirixidas, máis que contra os patronos, contra o réxime político que mantiña a situación.

“Ós traballadores españois e ó país en xeral. Tras a labor de protesta, constantemente exercitada polas organizacións obreiras contra os abusos da administración e as corruptelas da política que padece o noso país, (...) Mais, a pesar das nosas advertencias serenas, tal vez máis prudentes e mesuradas do que esixe a agudeza dos dolores que o país padece, é o certo que cada día que pasa representa para o proletariado unha agravación crecente da miseria ocasionada pola carestía das subsistencias e pola falta de traballo (...)

Pero ¿habrá algún gobernante español que poida afirmar en conciencia que as condicións insoportables da nosa vida, agravadas, sen dúbida, e postas de relevo pola guerra europea, non son as consecuencias dun réxime tradicional de privilexios, dunha orxía constante de ambicións privadas, dunha desenfreada inmoralidade, que atopa nos organismos públicos o amparo e a defensa que deberían prestar ós primordiais intereses da vida do pobo? (...)

O proletariado organizado chegou así ó convencemento da necesidade da unificación das súas forzas nunha loita común contra os protectores da explotación erixida en sistema de goberno. E respondendo a este convencemento, os representantes da “Unión General de Trabajadores” e os da “Confederación Nacional del Trabajo” acordaron por unanimidade: Primeiro. (...) co fin de obrigar ás clases dominantes a aqueles cambios fundamentais de sistema que garantan ó pobo o mínimo das condicións decorosas de vida e de desenvolvemento das súas actividades emancipadoras, imponse que o proletariado empregue a folga xeral, sen prazo definido de terminación, como a arma máis poderosa que posúe para reivindicar os seus dereitos (...)

Manifesto UGT-CNT ,27 de marzo de 1917

A resposta do Goberno foi deter ós firmantes do manifesto, suspender as garantías constitucionais e establecer a censura de prensa.

Desde finais de abril comezou o movemento das Juntas Militares de Defensa (que veremos máis adiante), e —a iniciativa do PSOE— celebrouse no Congreso de Deputados unha reunión con republicanos e reformistas (Melquíades Álvarez, Lerroux e o rexionalista catalán Cambó). En xullo reuníronse na chamada Asemblea de Parlamentarios de Barcelona que, converxendo cos obxectivos da mobilización sindical, propuñan pola súa parte a celebración de Cortes Constituíntes convocadas por un goberno provisional que encarne e represente a vontade soberana do país. A preparación da folga seguiu o seu curso ata que se desencadea en agosto, cando aínda non se estableceran as condicións necesarias para que tivera éxito.



Disturbios durante a folga xeral (1917)

“Ós obreiros e a opinión pública: chegou o momento de poñer en práctica, sen vacilación algunha, os propósitos anunciados polos representantes da UGT e da CNT no manifesto suscrito no mes de marzo último (...)

Pedimos a constitución dun Goberno provisional que asuma os poderes executivo e moderador, e prepare, previas as modificacións imprescindibles dunha lexislación viciada, a celebración dunhas eleccións sinceras, dunhas Cortes Constituíntes que aborden en plena liberdade os problemas fundamentais da constitución política do país. Mentres non se consiga este obxectivo, a organización obreira atópase totalmente decidida a manterse na súa actitude de folga. Cidadáns: Non somos instrumentos da desorde, como na súa impudicia nos chaman con frecuencia os gobernantes que padecemos. Aceptamos unha misión de sacrificio polo ben de todos, pola salvación do pobo español, e solicitamos o voso concurso. ¡Viva España!”

Manifesto do Comité de Folga da UGT e Partido Socialista, 12 de agosto de 1917

A falta de coordinación e as abstencións de última hora de republicanos e rexionalistas fixeron que a folga non tivera a amplitude esperada. O Exército volveuse a enfrontar ás asociacións obreiras reprimindo con dureza o movemento. O Comité Directivo foi xulgado pola xustiza militar e condenado a cadea perpétua e o balance final foi de 71 mortos, 156 feridos e dous milleiros de detidos. A pesar do duro golpe sufrido as organizacións sindicais viron aumentar espectacularmente os seus afiliados, sobre todo a CNT. Nestes anos produciuse a escisión do PSOE, formándose o Partido Comunista —moi minoritario— polos



Folga da Canadiense en Barcelona (1919)

membros do PSOE partidarios dos bolcheviques e da III Internacional (1921).

Desde 1917 a conflitividade no campo andaluz e extremeño foi extraordinaria (o trienio bolchevique), con constantes folgas e motíns duramente reprimidos polas autoridades. A partir de 1919 aumentaron os disturbios tamén en Cataluña. Á actitude radical dos anarquistas responderon as clases burguesas —temerosas do contaxio da Revolución Soviética— co peche das fábricas e a organización dunha milicia burguesa (o Somatén), ademais de coa represión do Goberno. Desde principios de 1919 ata 1922, a provincia de Barcelona estivo tres anos coas garantías constitucionais suspendidas e baixo o estado de excepción. Os atentados foron constantes polos dous bandos: CNT fronte ó Sindicato Libre, grupo de pistoleiros sostido polos patróns. Cometéronse, en Barcelona, entre 1917 e 1922, máis de 800 atentados. Na organización da represión xogou un papel principal o gobernador civil de Barcelona, Martínez Anido, protector do Sindicato Libre.

- Das Juntas de Defensa ó desastre de Annual

As Juntas de Defensa formáronse dentro do corpo de artillería do exército como reacción ante o empeoramento da súa situación económica (tódolos funcionarios tiñan conxelados os soldos desde 1914), pero tamén polo resentimento dos oficiais da península ante os rápidos ascensos que se conseguían en Marrocos. O movemento estendeuse a toda España, pedindo melloras económicas e o coidado do exército. Conseguiu dobrear ó Goberno, temeroso da folga xeral. E aínda que non conseguiron as melloras económicas solicitadas viron freados os ascensos ata o grao de coronel por elección, continuando a escala baseada na antigüidade.

O máis grave foi que permaneceron activas ata 1922, derrubando gobernos e intrigando nos cuarteis. O Exército recibiu, así, un novo pulo como garante da orde fronte as reivindicacións obreiras. Desde 1917 recorreuse constantemente a el, co apoio do rei, debido os continuos estados de excepción. Nos sectores máis conservadores xa se propuña a ocupación do poder civil por un militar que afrontara os problemas que non era capaz de solucionar o poder civil.

O desastre de Annual foi a culminación dos desastres militares en Marrocos. A estrepitosa derrota fronte as tropas marroquís provocou a perda das forzas da Comandancia militar de Melilla. O terreo gañado en dez anos perdeuse nun día. Incluso a persoa do Rey viuse incluída na demanda de responsabilidades que os partidos de esquerda esixiron no Congreso.



Feridos en Annual (1921)

“Perdeuse Igueriben, como non tiña máis remedio que perderse, dadas as condicións da posición e a calidade e a cantidade do inimigo; perdeuse Igueriben e son testemuñas da perda 5.000 homes concentrados en Annual, outra posición tamén indefendible, que comeza por ser un insignificante posto de policía e, por non sabemos que razóns de arte bélica indemostrables ante o máis simple xuízo que examine esta cuestión, convértese nun campo de concentración de 5.000 homes sen defensa posible. Annual é —aí está tamén sangrando unha frase do xeneral Silvestre—, un camiño sen saída.

Pero xa é tarde, xa non hai tempo; os 5.000 homes, dos cales unha porción considerable foron incorporados a filas soamente cun mes de instrución, cando un regulamento que está aí para adornar as coleccións do “Diario Oficial” establece tres meses de instrución dos recrutas (...) e aqueles homes recentemente incorporados a filas, que non saben disparar un fusil, que non saben cargar, como hai testemuñas dun oficial: “eu respondo ó sumo de doce ou trece homes, do resto; algúns non saben nin cargar” (...)”

Intervención de Indalecio Prieto nas Cortes (21 de novembro de 1922)

- A incapacidade dos gobernos

Despois da folga xeral de 1917 e ante as dificultades, o rei formou un gabinete de concentración liberal no que entrou por vez primeira un político alleo ós partidos do sistema, o membro da Lliga, Cambó. Con el, a burguesía catalá entrou a colaborar coa Monarquía ante o temor á revolución obreira, esquecendo as críticas anteriores. Cambó durou uns dous anos no Goberno, pero todas as súas propostas reformistas, en particular as da Facenda, chocaron coa oposición dos terratenentes. Tivo que retirarse ante a falta de apoio.

Os sucesivos gobernos destes anos amosaron claramente a súa incapacidade e a súa cerrazón a calquera intento de reforma do sistema de 1876. Cando os cambios institucionais parecían inminentes, o réxime volvía sobre os seus pasos temeroso de perder o monopolio do poder. As violacións da Constitución, mediante o recurso abusivo a declaracións de excepción ou de guerra foron habituais. As resistencias conservadoras fixeron imposible a reforma da Constitución e a democratización do sistema, contando coa alianza da Coroa. Os partidarios do golpe de Estado militar impuxéronse.

“Os gobernos destes anos eran de por si débiles. A desintegración do sistema é patente. O problema social agrávase, os movementos obreiros crecen, o problema rexional radicalízase, os militares están preocupados pola inestabilidade política agravada polo desastre Annual. Todas as forzas da Restauración están en crise.

A situación desemboca o 13 de setembro de 1923 no golpe de Estado do Xeneral Primo de Rivera, capitán xeneral de Cataluña. Primo de Rivera reclamou o poder. Ninguén se lle opuxo e tomouno en nome de El Rey.”

García Nieto e outros, Crisis del sistema canovista 1898-1923, pax. 33

5. O ESTADO NACIÓN ESPAÑOL E OS NACIONALISMOS ALTERNATIVOS. EVOLUCIÓN DO GALEGUISMO.

5.1. Orixes dos movementos nacionalistas

Habitualmente enténdese por rexionalismo a reivindicación de determinado grao de autonomía política para un territorio, sen cuestionarse a súa integración dentro do Estado, mentres que o nacionalismo ten como obxectivo máis ou menos inmediato a creación dun Estado-nacional. As diferencias entre ambos dous movementos son bastante tenues; historicamente en España os movementos rexionalistas foron anteriores ós nacionalismos, que naceron deles.

A finais do século XIX xurdiron en España os rexionalismos e nacionalismos, chamados periféricos, como resposta ás insuficiencias do Estado da Restauración.

O nacemento destes movementos políticos que cuestionaban o modelo de Estado nacional construído durante o século XIX está en estreita relación coa realidade política da España anterior ás transformacións liberais. Durante o Antigo Réxime España fora unha “monarquía de agregación”, convivindo no seu interior comunidades claramente diferenciadas, tanto a nivel cultural como político; incluso no caso do País Vasco sobrevivira o réxime foral —de orixe medieval— ata 1876.

Por outra banda os resultados das políticas de homoxeneización cultural (iniciadas timidamente no século XVIII e de maneira decidida polo liberalismo do século XIX) realizada a partir das pautas casteláns, non logrou resultados comparables ó caso francés que serviu de modelo, e os idiomas periféricos, catalán, galego e vasco, pese ó seu retroceso, xogaron un papel político decisivo como símbolo da nacionalidade ameazada.

Outro factor que influíu na eclosión nacionalista foi que a industrialización estivo limitada a uns poucos focos, co que non chegou a formarse unha burguesía nacional (española) que fose homoxénea; antes pola contra, no País Vasco e Cataluña coincidiron os focos industriais coa presenza de trazos políticos e culturais diferenciados do resto de España. Este desenvolvemento económico desigual influíu decisivamente na evolución dos movementos políticos rexionalistas e nacionalistas. Alí onde se consolidou un proceso capitalista (Cataluña e País Vasco) a burguesía acadou un protagonismo que influíu na formación das correspondentes ideoloxías nacionalistas. Mentres que en territorios debilmente industrializados (como Galicia) o galeguismo padeceu unha permanente debilidade política a pesar da súa importante produción teórica.

5.2. O nacionalismo catalán

Cataluña e os demais reinos da Coroa de Aragón perderan as súas leis e foros particulares cos Decretos de Nova Planta, tras a guerra de Sucesión. Durante o século XIX, o século do nacionalismo en toda Europa, o sentimento nacionalista reavivouse entre unha burguesía que estaba a protagonizar a revolución industrial. O rexionalismo e o nacionalismo catalán foise construíndo en varias etapas.

Na década de 1830, en pleno período romántico, iníciase a Renaixença, movemento intelectual, literario e apolítico, baseado na recuperación da lingua catalá. En 1882, Valentí Almirall creou o Centre Catalá, organización política que reivindicaba a autonomía e denunciaba o caciquismo da España da Restauración.

Enric Prat da Riba fundou Unió Catalanista (1891) de ideoloxía conservadora e católica. Ao ano seguinte, esta organización aproba as denominadas Bases de Manresa, programa no que se reclama o autogoberno e unha división de competencias entre o estado español e a autonomía catalá. Fortemente nacionalista, Unió Catalanista non tivo formulacións separatistas. Dunha parte opoñía a idea dunha Cataluña moderna e industrial fronte a unha España arcaica e atrasada; doutra reivindicaba os supostos valores tradicionais de estabilidade e moderación do campo catalán fronte ó radicalismo e ás loitas sociais de Barcelona e das áreas industriais (ás que comezaban a acudir inmigrantes non cataláns). Combinou tamén a afirmación explícita da nacionalidade catalá co rexeitamento da opción independentista que podería privar a Cataluña do mercado español para os seus produtos industriais.



Base 2ª Na parte dogmática da “Constitución Rexional Catalá” manterase o temperamento expansivo da nosa antiga lexislación, reformándoa para facela conforme coas novas necesidades, as sabias disposicións que contén respecto ós dereitos e liberdades dos cataláns.

Base 3ª A lingua catalá será a única que con carácter oficial poderá usarse en Cataluña e nas relacións desta rexión co poder central.

Base 4ª Unicamente os cataláns, ben sexan por nacemento ou por naturalización, poderán desempeñar cargos públicos en Cataluña (...)

Base 5ª A división territorial (...) terá como fundamento a comarca natural e o concello.

Base 6ª Cataluña será a única soberana do seu goberno interior. Polo tanto, ditará libremente as súas leis orgánicas; ocuparase da súa lexislación civil, penal, mercantil, administrativa e procesual; do establecemento e percepción de impostos; da cuñación de moeda (...)

Base 7ª O poder lexislativo Rexional radicará nas Cortes Catalás, que deberán reunirse todos os anos nunha época determinada, e nun lugar diferente. As Cortes formaranse por sufraxio de todos os xefes das casas agrupados en en clases fundamentadas no traballo manual, na capacidade ou nas carreiras profesionais e na propiedade, industria e comercio, mediante a correspondente organización gremial na medida do posible.

Bases de Manresa, 27 de marzo de 1892

En 1901 naceu a Lliga Rexionalista con Francesc Cambó como principal dirixente e Prat de la Riba como ideólogo. Era un partido conservador, católico e burgués con dous obxectivos principais: Autonomía política para Cataluña dentro de España. A Lliga naceu afastada de calquera independentismo. Cambó chegou a participar no goberno de Madrid, a pesar de non conseguir ningunha reforma ante o pechado centralismo dos gobernos da Restauración. Defensa dos intereses económicos dos industriais cataláns. Defensa dunha política comercial proteccionista.

O ideario catalanista (formulado por Prat de la Riba e asumido pola Lliga) non logrou incorporar á clase obreira, acentuando os aspectos corporativos e conservadores. Nas épocas de crise (1909, 1917, 1921...) preferiron unha defensa intransixente da orde renunciando se facía falta ós enunciados comunitarios; cando a burguesía catalá se sentía ameazada renunciaba á súa catalanidade en favor de quen lle garantise seguridade; así sucedeu por exemplo cando apoiaron a ditadura de Primo de Rivera. Fronte a esta orientación ideolóxica cada vez máis conservadora, nas primeiras décadas do século XX tamén se desenvolveron outras correntes catalanistas democráticas que acabarán formando o principal partido catalanista dos anos 30 do século XX: Esquerra Republicana de Cataluña.

5.3. O nacionalismo vasco

Ao longo do século XIX, as sucesivas Guerras Carlistas non supuxeron senón derrotas para o Pobo Vasco, tras as cales se foron eliminando paulatinamente os Foros, nun complicado proceso que, iniciado pola Lei de 25 de outubro de 1839 de Reforma dos Foros Vascos, culminou coa Lei de 21 de xullo de 1876, que supuxo a definitiva liquidación do ordenamento foral. A defensa dos foros vascos quedou ligada á causa carlista durante o século XIX. As sucesivas derrotas dos absolutistas levaron á abolición dos foros en 1876.

O Partido Nacionalista Vasco, PNV, (Euzko Alderdi Jeltzalea, EAJ) foi fundado por Sabino Arana Goiri en 1895. Este home, nacido no seo dunha familia carlista e ultra-católica, formulou os fundamentos ideolóxicos do nacionalismo vasco:

- Independencia de Euskadi e creación dun estado vasco independente no que se incluírían sete territorios, catro españois (Biscaia, Guipúscoa, Árava, Navarra) e tres franceses (Lapurdi, Benafarroa e Zuberoa)
- Radicalismo antiespañol
- Exaltación da etnia vasca e procura do mantemento da pureza racial. Esta actitude racista supuña a oposición matrimonio vascos e maketos (termo despectivo co que nomeaba aos

habitantes do País Vasco procedentes doutras zonas de España), rexeitamento e desprezo ante estes inmigrantes, na súa maioría obreiros industriais.

- Integrismo relixioso católico: Arana afirmou “Euskadi establecerase sobre unha completa e incondicional subordinación do político ao relixioso, do Estado á Igrexa”. A lema do PNV será “Deus e Leis Vellas”. Este aspecto é un claro elemento de continuidade co carlismo.


- Promoción do idioma e das tradicións culturais vascas. Euskaldunización da sociedade vasca e rexeitamento da influencia cultural española, cualificada de estranxeira e perniciosa.

- Idealización e apología dun mítico mundo rural vasco, contraposto á sociedade industrial "españolizada".

- Conservadurismo ideolóxico, tanto no terreo social como no político, que leva ao enfrontamento co PSOE, principal organización obreira en Biscaia.

A influencia social e xeográfica do nacionalismo vasco foi desigual. Estendeuse sobre todo entre a pequena e media burguesía, e no mundo rural. A gran burguesía industrial e financeira distanciou-se do nacionalismo, e o proletariado, procedente no seu maior parte doutras rexións españolas, abrazou maioritariamente o socialismo.

Estendeuse en Biscaia e Guipúscoa. A súa influencia en Álava e Navarra foi moito menor.



Apuntamentos de Sabino Arana para a ikurriña (1894)

A ideoloxía de Sabino Arana nun dos seus artigos

Ante o cúmulo de terribles desgracias que aflixen hoxe á nosa amada Patria, ningunha tan terrible e aflitiva, xulgada por separado cada unha delas, como o roce dos seu fillos cos fillos da nación española.

Nin a extinción da súa lingua, nin o esquecemento da súa historia, nin a perda das súas propias e santas institucións e imposición de outras estrañas e liberais, nin a mesma escravitude política que hai máis de once lustros padece, equipáranas en gravidade e transcendencia. ¿Que é o idioma patrio, considerado en si mesmo, máis ca un simple signo co que os membros dunha nación se comunican entre eles as súas ideas e afectos? Suprimido el e reemplazado por outro, non ten porque encamiñarse ó seu fin esa nación.

(...) Afortunadamente aínda hai familias en Euskaria que, a pesar do goberno e a lexislación liberais á que están suxeitas desde hai máis de medio século pola súa escravitude política, aínda non sentiron os seus efectos e conservan a prístina pureza do seu carácter e dos seus costumes.(...)

... A sociedade euskariana, irmandada e confundida co pobo español, que corrompe as intelixencias e os corazóns dos seus fillos e mata as súas almas, está pois apartada da súa finalidade, está perdendo ós seus fillos, está pecando contra Deus. ... A inmigración material do pobo español en Euskaria non ocasionaría ningún dano moral ou moi pouco considerable, se o español non fose recibido acá como concidadán e irmán senón como estranxeiro. Se Euskaria fose independente e, a parte de que o número de españois que inmigrasen aquí sería moi contado, os que viñesen virían coma estranxeiros e, como estranxeiros, estarían sempre illados dos naturais naquela clase de relacións sociais que máis inflúen na transmisión do carácter moral, como son o culto, as asociacións, o ensino, os costumes e máis a amizade e trato (...).

... E non cabe alegar razóns de imposibilidade: se a causa é xusta, necesaria, como único remedio dun gravísimo mal moral, Deus mándanos servila, e o que Deus manda non é nunca inútil ou imposible: queiramos todos os euskarianos, traduzamos en obras os nosos desexos e Deus protexeranos e a nosa Patria será libre e feliz.

Sabino Arana. Baserriatarra. nº 11; 1897

Sabino Arana foi absolutista nos principios pero flexible na táctica, especialmente nos últimos anos da súa vida. No PNV fundado por el en 1895, coexistiron correntes posibilistas, rexionalistas e defensores da ortodoxia enunciada por Sabino Arana; o equilibrio conseguiuase a partir de 1908 —despois da morte do fundador— cando a ortodoxia pasou a ser un obxectivo a longo prazo, concedendo prioridade ó curto prazo, ó traballo pola autonomía na sociedade civil, dentro da legalidade.

5.4. O nacionalismo galego

- O provincialismo

As orixes do galeguismo sitúanse habitualmente no provincialismo dos anos 1840-1846. O provincialismo naceu como unha variante do liberalismo progresista español diferenciándose del no que pode chamarse o “síndrome da aldraxe” consistente nunha vindicación de Galicia e todo o galego ó tempo que se denuncia o maltrato recibido desde “Madrid” (o goberno central). Comezou nesta época a elaboración do concepto político de Galicia como entidade diferenciada (identificada como “provincia” con características propias, e tamén como “reino” e “patria” en sentido moderno). Sen embargo os provincialistas non cuestionaban que Galicia formase parte da nación española nin a consideraban unha unidade étnica distinta.

En 1846 produciuse un pronunciamento de carácter progresista encabezado polo comandante Solís (contra o goberno moderado) ó que se uniron os provincialistas. Nos manifestos revolucionarios figuran elementos característicos do provincialismo, xunto as proclamas típicas do liberalismo progresista.



La Revolución, xornal da Junta creada polos provincialistas

Manifiesto revolucionario da Xunta Superior Provisoria en 1846

... Cre tamén [a Xunta] dentro da súa conciencia que ten outro deber que cumprir respecto a Galicia. Ata agora a revolución foi unha horrible mentira, unha farsa impía (...) é tempo de que se realicen as encantadoras promesas que romperon os falsos sacerdotes da política, recollendo os froitos de tanta abnegación e de tanto sacrificio. O pobo conquistará nesta revolución o que lle arrebataron os cómicos dos pronunciamentos: pan e dereitos. Galicia, arrastrando ata aquí unha existencia oprobiosa, convertida nunha verdadeira colonia da corte, vai erguerse da súa humillación e abatemento. Esta Xunta, amiga sincera do país, consagrarse constantemente a engrandecer o antigo reino de Galicia, dando proveitosa dirección ós numerosos elementos que atesoura no seu seo, erguendo os cimentos dun porvir de gloria. Para conseguilo esforzase constantemente en fomentar os intereses materiais, crear costumes públicos, abrir as fontes naturais da súa riqueza, a agricultura e o comercio, e poñer en harmonía coa época os hábitos e as ideas que deixou unha sociedade decrépita fundada sobre a ignorancia. Despertando o poderoso sentimento do provincialismo, e encamiñando a un só fin todos os talentos e todos os esforzos, chegará a

conquistar Galicia a influencia da que é merecedora, colocándose no alto lugar a que está chamado o antigo reino dos Suevos. Que a espada de Galicia faga inclinar unha soa vez a balanza na que se pesan os destinos de España.

Galegos: A Xunta Superior Provisional non vacila en aseguravos que contando co voso apoio, logrará que a nosa provincia sexa temida e respectada por nacionais e estranxeiros. Patria e liberdade.

Manifiesto de 1846, citado por J. G. Beramendi en Vicente Risco no Nacionalismo Galego.
1981

Un dos teóricos máis destacados do provincialismo nesta época foi Antolín Faraldo, quen, tras o fracaso do pronunciamento —Solís foi fusilado en Carral (Mártires de Carral)— tivo que fuxir a Portugal.

- O rexionalismo

Na segunda metade do século XIX desenvolveuse o Rexurdimento, un movemento de recuperación da lingua e da historia propias de Galicia. Destacaron poetas como Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Curros Enríquez, e historiadores como Bieito Vicetto e Manuel Murguía.

Na segunda metade do século o provincialismo evolucionou, da man de Manuel Murguía cara posicións máis claramente nacionalistas, asumindo as concepcións histórico-organicistas características do romanticismo: Os elementos sobre os que xustificará a nacionalidade galega serán a raza e a lingua; sen embargo non será ata a fase seguinte, a rexionalista, cando o galeguismo comece a identificar a Galicia como unha nación diferenciada de España.

O rexionalismo tivo varias tendencias. A liberal (con Murguía como ideólogo) que reivindicaba a especificidade de Galicia en oposición a Castela, formulando a aspiración dunha futura reintegración con Portugal, e establecendo analoxías con outras nacións dominadas como Irlanda ou Cataluña. Esta corrente é a que posteriormente alcanzará maior influencia no nacionalismo galego do século XX. Considerou ó campesiñado como a clase nacional por excelencia, xa que, na súa opinión, era a que mellor soubera conservar as súas características étnicas (lingua, costumes...); a identificación co campesiñado levounos a denunciar o caciquismo.


Celtismo: Concepción historicista-orgánica de Galicia na obra de Murguía

Se os celtas non foron os primitivos poboadores de Galicia, foron si dos primeiros, e o que é máis interesante para nós, os pais e xeradores dunha poboación que leva aínda impreso no rostro os sinais inequívocos da raza á que pertence (...) O aspecto da maior parte dos seus habitantes, os monumentos, o dialecto, os costumes, as inclinacións, as manifestacións todas do espírito probaríannos a orixe céltica da súa actual poboación [de Galicia]. (...) A cada momento un costume, un trazo, unha superstición dos irlandeses ou bretóns tráenos á memoria e sen esforzo ningún, o que nós temos visto e sentido (...)

Destes remotos tempos [suevos], sospeitamos que data a extrema división da propiedade galega, división salvadora que non permitirá xamais que esta terra se despoboe, nin que os seus habitantes perdan o carácter de individualidade que os distingue. Que nin por ser moitas as cargas que pesan sobre a propiedade, equivalen ó presente as súas tiranías, ó feito de carecer dela, sendo polo mesmo unha verdade incontestable, que se nós a temos escrava, en cambio non coñecemos o errante proletariado, nin casa sen campo propio, é dicir, sen fogar e patria verdadeira.

Manuel Murguía. Historia de Galicia Tomo I, 1865

O rexionalismo tradicionalista tivo como principal ideólogo a Alfredo Brañas, moi próximo ás teses carlistas. Caracterizouse polo seu catolicismo, antiliberalismo, e reivindicación das tradicións históricas anteriores á revolución burguesa. Aspiraba a unha transformación gremialista da economía e a volta ó corporativismo político. O rexionalismo segundo Alfredo Brañas:



1º (...) O obxectivo dos rexionalistas debe ser en primeiro lugar acabar e dunha vez co sistema parlamentario, e en segundo lugar ir preparando o triunfo da política rexionalista, por medio da representación de clases, ou sexa da elección directa en virtude da designación feita polos gremios das diferentes artes, oficios e profesións. (...).

2º Na orde administrativa procuraríase a todo trazo a conveniente descentralización dos servizos públicos, (...).

3º Na orde xurídica as rexións deben poñerse de acordo para conservar os seus fueros e preeminencias, evitando que un Código xeral destrúa quizais nun par de artigos e dunha vez para sempre as súas institucións seculares.

4º Na orde económica... convén fomentar a protección á agricultura por medio de Bancos de Crédito, asociacións e leis tutelares; animar o espírito industrial por medio do íntimo consorcio entre capital e traballo, e combinar o principio proteccionista e de liberdade de cambios...

6º Na orde literaria... fomentar a propaganda das doutrinas rexionalistas... dispostos a non perder ocasión nin momento para desacreditar o sistema parlamentario, debilitar a centralización política e administrativa...

Alfredo Brañas. El regionalismo. 1889

A partir de 1900 o rexionalismo fragmentouse en tendencias opostas e enfrontadas; ó tempo que recibiron influencias políticas novas do rexeneracionismo e do republicanismo que se desenvolveron no conxunto de España como resposta á descomposición do sistema canovista. Comezou unha segunda etapa do rexionalismo. En 1906 fundouse a Real Academia Galega.

Imitando a experiencia catalá, en 1907 constituíuse “Solidaridad Gallega” que tamén aquí agrupou un amplo abano de opcións políticas: republicanos, neocarlistas e rexionalistas. Esta mistura implicou certa vaguidade e indeterminación nos seus obxectivos que formularon en torno a tres puntos: acabar co centralismo, depurar o sistema político e fomentar o progreso económico. As influencias rexeneracionistas (que incluían xunto á rexeneración do sistema político español, a reorganización rexionalista do Estado e a eliminación do caciquismo) incorporaron ó galeguismo elementos populistas — republicanismo federal na corrente democrática— e sobre todo unha vocación e prácticas agraristas, centradas nas loitas anticaciquís e pola redención dos foros.

- O nacionalismo galego: as Irmandades da Fala

En 1916 os irmáns Villar Ponte fundaron en Coruña a primeira Irmandade dos Amigos da Fala, seguida axiña da constitución de grupos similares noutras localidades. En só dous anos —en 1918— convocaron unha Asemblea Nacionalista en Lugo onde aparece xa formalizado un programa político estritamente nacionalista e democrático para Galicia, sen influencias rexionalistas. Esta rápida evolución despois de anos de estancamento pode

relacionarse co impacto de acontecementos exteriores tan relevantes como a Primeira Guerra Mundial (1914-1918) e a Revolución soviética rusa (1917) que trouxeron ó primeiro plano da actualidade a reivindicación do dereito de autodeterminación dos pobos.

As Irmandades da Fala non chegaron a constituír un partido político. A súa acción centrábase no labor de propaganda, que lles permitise estender a implantación da organización —das Irmandades— e tratar de reforzar a súa presenza nos periódicos da época. O seu voceiro vai ser a revista *A Nosa Terra*. Esta acción combinouse coa demandada de autonomía integral de Galicia nos mtins, peticións ó Goberno ou aprobando mocións nos poucos concellos nos que tiñan representantes. Tamén trataron de colaborar co movemento agrarista tratando de que asumisen o nacionalismo como ideoloxía política, o que non conseguiron.



O nacionalismo galego quedará formalmente definido na Asemblea Nacionalista convocada en Lugo en 1918 polas Irmandades da Fala. Politicamente recolle sobre todo o pensamento do sector demócrata do galeguismo.

Os persoeiros das Irmandades da Fala reunidos en Asemblea magna tida na cidade de Lugo nos días 17 e 18 do mes da data [Novembro] para conseguir do Goberno da Súa Maxestade El Rei a autonomía integral da nación Galega e fixar nun programa concreto as que coidan principais solucións ós problemas que interesan dun xeito fondísimo á vida nacional de Galicia, aprobaron e sosteñen, co corazón ateigado de esperanza e ollos postos no porvir da nai Terra, as seguintes conclusións, que fan públicas para coñecemento e meditación do pobo galego nista hora solemne de albeo das nacionalidades que senten tremer a súa alma e fan xurdir a súa personalidade.

I.— Previa: Tendo Galicia tódalas características esenciais de nacionalidade, nós nomeámonos, de hoxe para sempre, nacionalistas galegos, xa que a verba “rexionalismo” non recolle tódalas aspiracións nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas.

II.— Problemas constituíntes

1.— Autonomía integral para Galicia.

2.— Autonomía municipal, distinguindo o municipio aldeán do vilego, sobre a base do recoñecemento da personalidade xurídica das parroquias...

3.— Cooficialidade dos idiomas galego e castelán.

4.— Federación da Iberia.

5.— Dentro desta federación, igualdade de relacións con Portugal.

6.— Credo na accidentalidade das formas de goberno, interésanos aclarar que non apelamos a ningunha, mais simpatizaremos, desde logo, con aquela que se mostre máis doada para chegar á federación con Portugal.

7.— Ingreso das nacionalidades de Iberia na Liga das Nacións. (...)

Manifesto da Asemblea Nacionalista de Lugo. 1918

Na difusión do galeguismo destacou a revista Nós (1920), así como o Seminario de Estudos Galegos (1923). En torno a eles numerosos intelectuais, chamados a xeración Nós realizaron unha intensa labor de estudo, creación e divulgación da realidade galega.

Un dos principais teóricos do pensamento nacionalista galego foi o ourensán Vicente Risco, autor dunha extensa obra política, na que destaca a “Teoría do Nacionalismo Galego” (1920). Risco tivo unha influencia decisiva na orientación ideolóxica do Partido Galeguista fundado unha vez instaurada en España a 2ª República (1931) despois da longa paréntese da Ditadura de Primo de Rivera, na que o galeguismo estivo practicamente ausente do panorama político do país.



Portada da revista Nós, Castelao (1925)

O concepto de nación en Vicente Risco

Estes vínculos (fala, tradicións costumes, historia, etc.) engadindo a súa acción á da etnia e a da terra, determinan nos individuos certas coincidencias psicolóxicas, certa maneira de ser común en todos eles, que constitúe o carácter nacional, e unen nunha interdependencia, nuha solidariedade necesaria os intereses de todos eles nun interese colectivo superior que é o interese nacional. A nación ven a resolverse deste xeito nunha comunidade de intereses espirituais e materiais determinados pola natureza.

Vicente Risco, 1922, Teoría do Nacionalismo Galego